



# CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46 · 15613 A CAPELA (A Coruña)  
Teléf.: 981 45 90 06 · Fax: 981 45 93 71  
C. Elec.: correo@concellodacapela.es · www.concellodacapela.es

## **BORRADOR CERTIFICADO DA ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 31 DE MARZO DE 2016**

### **ASISTENTES:**

Presidente:

D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ

### **CONCELLEIROS/AS:**

D. ANTONIO RODRIGUEZ MEIZOSO

D.<sup>a</sup> MONTSERRAT HERMIDA

MONTERO

D. EMILIO RIOBÓ PIÑÓN

D.<sup>a</sup> LAURA PIÑEIRO MONTES

D. JAIME BARCIA RODRÍGUEZ

D. MARCOS RODRÍGUEZ CALVO

D. DAVID RODRIGUEZ SANMARTÍN

D. SANTIAGO MEIZOSO PERMUY

No Salón de Sesións desta casa do Concello da Capela, Provincia da Coruña, ás dez horas do día trinta e un de marzo de dous mil dezaseis baixo a Presidencia do Sr. alcalde D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ, reúnen os Sres. Concelleiros/as que se relacionan na marxe asistidos do secretario da Corporación, coa finalidade de realizar a sesión extraordinaria convocada para o día de hoxe.

### **SECRETARIO:**

D. JOSE A. MEIZOSO PAZ.

## **1. LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR CELEBRADA EN DATA 25 DE FEBREIRO DE 2016. ACORDO QUE PROCEDA**

Aberta a sesión pola Presidencia solicítase dos Sres. Concelleiros/as asistentes á sesión se desexan formular algún tipo de alegación ou observación á acta da sesión anterior de data vinte e cinco de febreiro de dous mil dezaseis.

Non se formulando ningún tipo de alegación ou observación, o pleno Municipal, por unanimidade dos asistentes acorda aprobar a acta da sesión anterior.

## **2. PLAN PAS 2015. APROBACIÓN PLAN COMPLEMENTARIO. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.**

Dase conta polo Sr. Alcalde - Presidente de que a Deputación Provincial da Coruña publicou en xaneiro de 2016 os novos Pregos de cláusulas administrativas particulares que rexerán na contratación dos Planes e convenios provinciais.

De resultas do anterior vaise ter que empregar o procedemento negociado con publicidade o que conlevará posiblemente que haxa máis baixas na licitación das obras que ata o de agora.

Dí ademáis o Sr. Alcalde-Presidente que se modifica a parte dispositiva da Proposta da Alcaldía de data 22 de marzo na súa redacción para adecuala aos requirimentos do servizo de Planes da Deputación da Coruña.

Polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo remítese ao manifestado da Comisión Informativa de asuntos do Pleno e dí non entender por qué non se aprobou no seu día o Plan complementario. Remata a súa intervención sinalando que posiblemente co novo sistema de contratación se perxudique ás empresas locais.

Polo voceiro do Grupo Mixto - PP, D. Santiago Meizoso Permuy, pregúntase ao Sr. Alcalde-Presidente o Por qué dos 30.000 € do Plan complementario.

Respóstalle o Sr. Alcalde-Presidente que se redactou un proxecto que consiste en obras de accesibilidade e pavimentación de beirarrúas nas Neves, e que o importe de 30.000€ é o mínimo que admite Deputación para incluír en Planes Provinciais.

De producirse baixas no Plan PAS 2015 estas aplicariáanse a financiar o Plan Complementario.

Polo Sr. Alcalde-Presidente respóstaselle ao voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo no sentido de que antes as contratacións facíanse normalmente por procedemento negociado e sen publicidade e as baixas eran pequenas, ademáis estaba o custo dos proxectos.

Remata a súa intervención o Sr. Alcalde-Presidente dicindo que as direccións de obra das que se contraten a partires de agora serán moi estritas.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por maioría de votos (7 votos a favor dos Sres. Concelleiros/as dos Grupos Municipais do PS de G - PSOE e Mixto - PP e 2 abstencións dos Sres. Concelleiros do Grupo Municipal de AIAC), adopta o seguinte acordo:

1. Ratificar o Acordo Plenario de data 25 de novembro de 2015, no sentido de participar no Plan de Acción Social (PAS 2015) da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da subvención asignada aos seguintes investimentos financeiramente sostibles, de acordo co financiamento que se especifica, aprobando os seus proxectos das obras ou pregos das subministracións:

A) Invetimentos financeiramente sostibles de carácter social:

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
"Obras de rehabilitación e conservación na Casa da Cultura e Biblioteca Municipais"	66.072,99€	0	66.072,99€
"Obras de rehabilitación e conservación nos edificios do complexo Polideportivo e no ximnasio e Piscinas Municipais"	36.603,43€	0	36.603,43€
<b>Subtotal investimentos de carácter social</b>	<b>102.676,42€</b>	<b>0</b>	<b>102.676,42€</b>

B) Outros invetimentos financeiramente sostibles:

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
"Obras de rehabilitación e conservación na Casa do Concello"	68.450,95€	0	68.450,95€
<b>Subtotal outros investimentos</b>	<b>68.450,95€</b>	<b>0</b>	<b>68.450,95€</b>

C) Resumo:

Denominación da obra	Deputación	Concello	Presuposto Total
Subtotal investimentos de carácter social	102.676,42€	0	102.676,42€
Subtotal outros investimentos	68.450,95€	0	68.450,95€
<b>Total</b>	<b>171.127,37€</b>	<b>0</b>	<b>171.127,37€</b>

2. No acordo plenario de data 25 de novembro de 2015, non se aprobou Plan Complementario.

Apróbese nesta sesión plenaria o Plan Complementario no que se inclúe a obra de carácter social que a continuación se indica e aprobar o correspondente proxecto:

<b>Investimento financeiro sostible de carácter social</b>	<b>Orzamento</b>
"Obras de accesibilidade e pavimentación de beirarrúas nas Neves"	30.000,00 €
<b>Total</b>	<b>30.000,00€</b>

3. Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4. Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas neste Plan se a houbera.

5. Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6. Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achégase o detalle da cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7. Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8. Facultar expresamente ao alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

### **3. PROPOSTA DE INTEGRACIÓN COMO SOCIO FUNDADOR NA ASOCIACIÓN SEN ÁNIMO DE LUCRO, A CREAR PARA ELABORAR A ESTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL PARTICIPATIVO E CONCORRER AOS FONDOS EUROPEOS LEADER DE GALICIA 2014-2020. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.**

Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente de que o derradeiro día 29 de marzo constitúese a Asociación Seitura 22 que comprende as comarcas de Ferrol, Eume, Ortegal para a xestión dos Fondos Europeos correspondentes ao Programa Leader 2014-2020. Esta nova asociación englobará ás Entidades Locais e Asociacións privadas das tres comarcas que xestionarán neste período preto de 4.000.000€.

O Concello da Capela estivo integrado nun Grupo de Acción Local EuroEume, e polo tanto cómpre que se integre nesta nova Asociación. Dí ademais o Sr. Alcalde-Presidente que a Directiva da Asociación estará composta por 21 persoas, 10 correspondentes aos concellos e 11 ao sector privado.

Queda por definir a maneira de centralizar a oficina de xestión e o persoal, que entende o Sr. Alcalde-Presidente que debe de ser só unha única para todo o territorio en aras de aforrar custos.

Polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo, remítese ao xa manifestado na derradeira Comisión Informativa de asuntos do pleno e que sente que EuroEume desapareza xa que estivo funcionando moi ben estes anos.

Sometido o asunto a votación, o pleno da Corporación, por unanimidade dos Sres/Sras. Concelleiros/as asistentes á sesión adopta o seguinte acordo:

1º. O Concello da Capela con CIF P1501800E acorda integrarse como socio na Asociación Seitura 22 constituída o derradeiro día 29 de marzo de 2016, sen ánimo de lucro, cuxo fin será a elaboración de estratexia de desenvolvemento rural participativo, e concorrer aos Fondos Europeos Leader de Galicia 2014-2020.

2º. O Concello da Capela designa formalmente a D. Manuel Meizoso López con DNI 32.652.404V, Alcalde-Presidente do Concello da Capela como representante permanente desta entidade.

E xa que non hai máis asuntos sobre os cales deliberar o Sr. Alcalde finaliza a sesión sendo as dez horas corenta minutos, de todo o cal eu, Secretario dou fe, todo elo coas reservas do artigo 206 do ROF.

**O Alcalde-Presidente,**

  
Manuel Meizoso López

**O Secretario,**

  
José A. Meizoso Paz